

SEMANA DAS LETRAS GALEGAS 2018

NO C.E.I.P FRIAN-TEIS

HOMENAXEANDO A MARÍA VICTORIA MORENO

Co gallo da semana das Letras Galegas no colexio realizamos unha serie de actividades para coñecer un pouco máis a biografía e a obra da escritora homenaxeada este ano:

- Comezamos o luns 14 coa representación, por parte do **alumnado de 5º**, dun sketch da obra da autora "**Unha festa no faiado**". Unha pequena representación que enganhou a todo o alumnado do centro. Só un pequeno preámbulo da representación completa que se levou a cabo no festival das Letras Galegas realizado no cole.
- O martes 15 teatralizamos **unha entrevista** á escritora homenaxeada a cargo do **alumnado de 6º**. Unha das alumnas de 6º caracterizouse como María Victoria Moreno e levouse a cabo unha entrevista onde se tocaban todos os aspectos mais importantes da súa vida con grandes doses de humor.
- O mércores 16 desfrutamos dun **percorrido de poemas** nos corredores do cole a cargo do alumnado de **1º e 2º recollido do libro "Eu conto, ti cantas"**, acompañados de ilustracións elaboradas polo propio alumnado.
- O percorrido de poemas tiña o seu remate nun **mural** moi especial baseado nas ilustracións da "Primavera das letras" e elaborado polo alumnado de **Educación Infantil xunto con 3º e 4º**.
- Ademais esta semana realizamos **un mural colaborativo** entre todo o cole sobre o rostro de María Victoria Moreno. Este mural foi elaborado con material de reciclaxe e acompañado polos debuxos das diferentes obras da autora que elaboraron as diferentes aulas.

Todas estas actividades recollémolas nun " genially" onde temos organizados os vídeos e as fotos desta semana. O enlace a páxina do noso colexio é a seguinte:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipfrian/taxonomy/term/327>